



Parola

ORGÃO DA AGRUPACIÓN SOCIALISTA DE BETANZOS

ano I núm. 0

Rúa Venezuela, 34-36 b.

maio 79



O LIBERALISMO de ANTOLÍN FARALDO. Por: Xosé A. Míguez en páxina 4.-

CRÓNICAS MUNICIPALES
Por: A. Sánchez Presedo.
en páxina 6.-

Honestez e firmeza

CEN ANOS POLO SOCIALISMO

Por: Paco Vázquez.-

"Soy Socialista por ser liberal, porque entiendo que el Socialismo es la concreción plena y efectiva de todas las libertades."

Indalecio Prieto. Conferencia en Bilbao, el 22 de marzo de 1.921.-

O 2 de maio de 1.879, celebrase nunha fonda da rúa de Tetuán de Madrid, un xantar de "fraternidade universal" presidido por Pablo Iglesias, no que decidese formalmente a constitución do primer partido político da clase traballadora española, o PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL.

(Pasa a páxina 2)

Cen Anos...

Dende aquela data transcurriu un século, e hoxe podemos decir que os cen anos do PSOE confundense e insertáñse na mesma historia de España. Non pódese falar da loita continua do noso pobo pola libertade, sen atopar constantemente o protagonismo, entrega e sacrificio dos socialistas.

Libertade e socialismo...

Libertade e socialismo..., isto sería a faceta máis destacable, e esencia definitoria do socialismo español. Os séculos XIX e XX en España están presididos pola busqueda e loita dunha libertade mínima, usurpada constantemente en longos períodos de dictadura, e violentada incluso bélicamente nas escasas etapas da democracia. Frente unha Europa liberal e democrática, que en dous centos anos sufre revolucións burguesas, nacionais e proletarias, couse sempre truques, unha Europa que en evolución continua pasa por etapas conservadoras, liberais, deixa chegar o socialismo democrático, unha Europa triunfadora da libertade frente ó fascismo mais horrible da historia, fronte ás misérias de historia de revolucións fascistas, do liberalismo perseguido e desterrado, dun pobo oprimido polo caciquismo e a ignorancia, unha historia marcada pola etapa final pola guerra civil e os coartados anos de fascismo.

E nesa historia, triste e valente á vez, o PSOE está presente, con acertos e errores, pero buscando e defendendo a libertade, mesmo libertades puramente formales como paso previo deixa a auténtica libertade.

Cen Anos

E así dende 1.879 os socialistas escribimos a historia da libertade no noso país; e somos o único Partido Socialista do mundo que a defende cas armas na mar en 1.934 e 1.936; e somos o primer Partido Socialista que rompe co comunismo totalitario en 1.921; e comenzamos a destrucción do antigo régimen na folga revolucionaria de 1.917; e no

1.931 traemos a Segunda República e facemos posible e real a libertade en España; e proclamamos por primeira vez en 1.917, na historia do socialismo, a defensa do federalismo en consonancia coa solidaridade internacional; e o PSOE funda a Organización Internacional do Traballo OIT; e levamo-lo peso da guerra civil dende o Goberno e as trincheiras; e sufrimo-lo exilio e o maquis, e persecución franquista; e... mesmo hoxe, o PSOE fai posible unha Constitución progresista, e sigue sendo como foi 100 anos a única alternativa democrática frente a eterna de reita reaccionaria.

O Porvir

No noso país a libertade está por facer e súa construción e defensa e novamente unha tarefa fundamental dos socialistas. A libertade basada no derecho a alegordade, e libertade de poder traballar, e libertade de recibir ensino e cultura, e libertade de vivir con dignidade, en vivendas decentes, coa saudade protexida; e o pobo ha levado aos socialistas ao Parlamento, as Diputacións, as Axuntamentos pra que defendamos esa libertade; e os pobos han levado aos socialistas as Autonomías, pra conseguir a libertade das suas culturas e suas economías, pra seren pobos oceibes sen máis teito que a solidaridade.

E foi a memoria histórica, de cen anos de honestidade, de cen anos de firmeza na xusticia, de cen anos de loita pola libertade a que situou ao PSOE novamente na gran esperanza dunha sociedade libre, como és que os socialistas viñen construindo en Europa, seguindo unha ideoloxía e unos intereses de clase, que scio teñen unha mett:

A LIBERTADE.

danda zsta numarao
crease a sección
"CARTAS A PAROLA"
Rúa Venezuela, 34-36 b.



Hinda, coma mañan, outro ano
mais, por un primeiro de
ano en pé.

Por ITH A BOO BARGIELA.-

Non importa dende cando, pro a clas obreira ven ano tras ano a celebrar o seu día. E ano tras outro atópase con que os poucos, e de cada vegaña, tense avanzado un chisco nas conquistas que lle rillan os cantos ao capitalismo.

E un feito recoñecido que as institucións políticas liberais non "furrulan" --digámolo así-- máis ca nos países técnicamente desenrolados. No noso caso que é o tal, isas conquistas da clas traballadora que hoxendía soio se poden ollar materialmente nas subas dos convenios ou nas milloras sociais e sindicais, tamén percorreron a súa corredoira histórica.

Por iso pódese dicer con moitos se trataba dunha "alianza" cointural séculos de diferencia que as desigual sen máis vencello que ohimpar ao nedades esistentes hoxe ante un traballador de "Astano" --poñamos por caso -- e o empresario máis ricachón do país, non abondarían nin con moito pra se comparar coas hábidas no seu tempo entre os cabaleiros feudais e os seus "servos da gleba".

Todo isto quere dicer, en certo modo, que a democracia nascida no noso país non vai correr perigo algún namentres o devenir histórico da clas obreira deixa o socialismo, continue cada ano conquerindo un pequeno eido dise nivel de vida inventado polo capitalismo, pro en trance de seren sacadado polo proletariado.

A ideoloxía socialista que se desenvolou perante o século dazanove a carón da industrialización, colaborou primeiramente co liberalismo, e así foi, e se recolle calquera libro de cencial política. Por suposto que

migo común formado por nobres, aristócrates e tiranos, coa axuda --ou millor axudando-- aos liberais-burgueses que, dáquela, non tiñan medo ningún a que a forza do socialismo poidera rematar co seu sistema de propiedade privada. Por outra banda, o propio pensamento maxista coidaba, e ainda coida, que o capitalismo industrial do que chuchou decote a democracia liberal burguesa, era e sigue sendo unha xeira necesaria pra o chantamento do socialismo.

Despós de moitos conflitos e enfrentamentos entre ambas forzas e coa aparición dos partidos de corte comunista ou maoísta, que rexeitaron calquera tipo de entendemento coa burguesia, inda que fora de caraute estratéxico, foi cando se chegou a o noso século.

Así pois, eiquí e agora, compre lembrar unha vagada mais que soio (pasa a páxina 5)

○ LIBERALISMO de ANTOLÍN FARALDO

Por XOSE A. MIGUEZ.

Moitas cousas dse dixerón xa sobre a vida e a obra de Antolín Faraldo. Este esgrevio liberal do século XIX, fillo de betanceiros e betanceiro el mesmo, pois que nacera na cidade brigantina o 2 de setembre do 1.822, é un exemplo do que pode a tenacidade, o espíritu de inquedanza, endexa mais esmorecido, que fai frente aos riscos do tempo, ó ambiente familiar que de certo non lle favorecía; sacudíndose del, converte en norte da sua vida un desacougo fondo, íntimo e vital se que redes polo desenvolvo e o porvir de Galicia.

Este home que foi liberal e progresista, noustante as ideas que profesaba o pai - "un significado apostólico galego", di o cronista Vales Villamarín-, estaba chamado, mais pola conciencia dos males do pobo que por unha simple curiosidade, a deliñar o xeito dos novos camiños ideolóxicos, unha tesis que algúns tiduaron de "provincialismo" e que, cásque envolta en néboas, non acadara ainda unha formulación conceitual definitiva.

Na tribuna dos periódicos e tamén nos diálogos dos liceos - como nos recorda Fernández del Riego no seu estudo sobre Faraldo, a "voz provincialista" difundiu-se i espallouse apaixoadamente. Respondía a esa nova visión liberal, romántica, que facía de cada pobo unha unidade individualizada, unha entidade política a redimir pola superación do seu atraso secular i endémico.



Faraldo oponía o "provincialismo" á política centralista do seu tempo que esmagaba ós anceios e á conciencia do pobo na súa propia singularidade. Quizais non tivera ben definidas as solucións técnicas e administrativas para encarar os problemas do autogoberno de Galicia; mais era consciente do atraso e da miseria dun país que non dispoña doutra cousa que non fora pobreza abondo, e somentes de homes atrofiados pola incuria, pola ignorancia e pola inseguridade da súa vida. Formado no socialismo utópico de Fourier - un socialismo de fanansterios ou pequenas comunidades que dignificaban o traballo, poderíase decir, nembrantes, que non sobrepassou os principios do movemento liberal. Cousas dos tempos. Xa era de seu unha boa cousa que na liña de liberalismo decimonónico tentease configurar un rexionalismo político como unha grande obra que axuntase as ideas, os sentimentos nacionalistas de todos os galegos.

Moitos artigos firmados por Faraldo apareceran nos periódicos da época. O betanceiro tiña vena de xornalista, como a tiveran tamén Ramón de la Sagra, Neira de Mosquera, Francisco Añón ou Victor Ballaguer, entre outros dos seus contemporáneos. "El Idólatra de Galicia", "El Recreo Compostelano", "El Porvenir", por citar algúns daqueles papeles de mediados do século XIX, recollerón o seu pensamento, as suas tesis sobre o atraso do país, polo feito mesmo da excentralización, que, como el di, propiciaba o isolamento de Galicia, esterilizando

(Pasa a páxina 8)

MARXISMO. REFLEXIONS ANTE o XXVIII CONGRESO⁶

Por: Rosa Carmelo S.P.

As vegadas mesmo danme gracia.

Non soio empecínanse en ser a dereita mais reacionaria do orbe, senon que queran cambiarnos.

Pretenden adeprendernos a ser socialistas.

Empéñanse en domesticarnos. Desexan que troquemos nosa etiqueta por outra mais homologable a nivel europeo.

Querennos descafeinar.

! Qué ledos estarian se o noso fose a socialdemocracia ! (tan comprensible, tan anxelical, tan paternal para os traballadores) . Poderían seguir explotando a xente e ternamente e ainda, por si fose pouco, terfan en nos unhos domadores privilexiados. De fuseta de seda. Nosa " verborrea popular " podería conter as masas. Eles encargaríanse do resto. Seguirían engordando. E o seu.

As vegadas penso que ténennos por lerdos. ¡ Co fácil que serfa coñecernos !. Bastaría con sumerxirse brevemente no curso da historia pra saber ante que pedra se tropeza, pra saber por onde respira o socialismo español.

Voullés a refresca-la memoria

O PSOE

Cicais iñore que o PSOE nace como " a expresión orgánica do marxismo no seo do movemento obrero " e que " así dedúcese do seu Programa Máximo que mantense invariábel deica hoxe "

Cicais esquenzañ que " O Partido se coloca no terreo da loita de clases... denunciando aos partidos burgueses, mesmo aos mais progresistas, coma un señuelo perigoso para os traballadores aos que pretende xunguir ao carro da burguesía ".

Cicais descuiden que o ideal do PSOE é " a completa emancipación da clase traballadora ", e decir, a abolición de todas as clases sociais e sua conversión nunha soila de traballadores donos do froito do seu traballo, ceibes, igoales, honrados e intelixentes "



Un Partido para o cambio

Non, señores burgueses. O Partido non deixará nunca de reafirmarse no seu carácter de Partido de clase, de masas, marxista e democrático.

Non, señores burgueses. Non podrán impedir que sigamos profundizando na democracia como vía ao socialismo.

Non, señores burgueses, non. Vostedes ben coñecen noso socialismo e por iso temenlle, e por iso desexan " aguarnos " cun pouco da socialdemocracia burguesa.

Vostedes saben ben que cada día e maior o número de traballadores que nos apoian, que despiertan diante dunha realidadeinxusta e opresora, na que soio unhos poucos ostentan o poder político, económico e social, e que ven que o socialismo e o uneco modelo desexable de sociedade, a unha alternativa válida de liberalización.

Non, señores burgueses. Preocúpense das suas cousas, dos seus oscuros negocios, que fallavaí a facerelles, e dexennos en

CRONICAS MUNICIPALES

-Br.

Antonio Sánchez Presado



As eleccións do pasado tres de abril han suposto que tres de cada catro españoles vivan en concellos presididos por Alcaldes de esquerida. Iste dato revela nidiamente que os concellos progresistas foron as auténticas ganadoras das comarcas, e desmantela a vergonzosa propaganda oficial que repite machacamente que a UCA ten a maior cantidade de concellos que explica a súa incidencia a nivel da vecindade, e a maior cantidade de poboación, e que é na esquerda nos concellos caracterizados polo catáquismo da rascasa dinámica social.

Locality así, resucitando impresionables pre-
rogativas franquistas, concéntricas nos Go-
bernadores civiles toda a competencia en ma-
terial de orden público reduciéndolas órgaos
municipales no papel de meros colaboradores
de competencia propia. Trátase, en definiti-
va, de una rasgar o pedir a funcionarios con-
cretos las facultades polo Goberno central, en
contradicción controlladas i elexidos directamen-
te polo pobo. Esta actuación vulnera clara-
mente a consagración no texto constitucional
da "Autonomía Municipal" e pránxeza unha
afirmación que o socialista JIMÉNEZ de ASSUA,
Presidente da Comisión Constitucional que re-
dactou a Constitución da Segunda República,

Os grandes metrópoles urbanas, as zonas liberais, en xeral - as comunidades con conciencia propia, marxiriron a dereita, demostrando unha vegaada mais que pepel progresista dos sectores das concentracións traballadoras e ligándose a sonda do autogoberno as alternativas de esquerda. En tanto, vinda a oposición acusadamente de nos eleccións xerais, en Galicia a dereita volviu a ter un bon réducto. E o volve a ter pola dominación estrutural da estatística perfeccionada; porque ouxetivamente a pobreza e a marginalización galega ben progrégatán un goberno firme e avanzado.

En Bakanzos os resultados electorais han revelado un equilibrio entre a destra (UCD) co 50,9% dos votos válidos e a esquerda.

NOSA POLÍTICA MUNICIPAL

Por: Xulio Vázquez.

O mesmo que todos os pobos e cidades de España, noso Betanzos, sufriu as consecuencias dunha administración autoritaria. Durante as ultimas décadas, noso rexidores, ao ser eleitos digitalmente polo Gobernador civil de turno, fixeron a política que imponía o representante do Goberno nosa provincia, ou sexa, a política que imponía a oligarquía dominante do pasado reximen, non a política que desexaba e interesaba ó pobo.

Nestas condicións ningún alcalde, diría mais, ningún home, pode realizar unha laboura fructífera, posto que os intereses que defende son distintos, cando non contrapostos, aos intereses dos ciudadáns.

Moitas vellas temos escoitado que a Administración municipal debe ser políticamente aséptica. Dixéronnos que un home de negocios sería o millor alcalde posible, posto que a experiencia como capitán de industria daría lle as condicións más óptimas para a xestión municipal. Iste razonamento aparentemente correcto, non é tanto, si decatámonos que o industrial que traballa para o seu propio beneficio, limitase a comprar seus produtos ao menor preço posible, para lograr ca sua venda a máxima plusvalía, ou sexa, para obter a maior ganancia. O municipal non é esto. Un bon xestor non ten que comprar, nin transformar, nin vender ren. O que ten que facer e defende-los intereses da comunidade; os cartos que recibe por impostos, contribucións, etc, ten que tratar de logralos con xusticia fiscal. E para elo é necesario que se obtenan proporcionalmente a capacidade económica de cada administrado. Limitará ao máximo os gastos xerales. E sobor de todo, a partida económica disponible para o milloramento e creación de novos servicios municipais, terá que producir o maior beneficio socio-económico a meirande parte dos administrados. E isto compañeiros, soio pode realizalo un home que, polo menos, teña entre as suas cualidades o bon sentido, a honradez e o desexo de servir a comunidade, ou sexa, un político.

Nosos rexidores municipais gobernando autocráticamente a espaldas do seu pobo, libres de todo control democrático, administraron os fondos municipais sen darnos conta deles. Non interesáballes, ou non querían darse conta que esos fondos non pertenecían ao seu patrimonio particular, senón que pertenecían ao patrimonio comunitario. E así lúceulle o pelo, pois como sole decirse "nesta vida non chega con ser



O LIBERALISMO...

(Ven da páxina 4)

as soluções, sempre individuais e esparexidas, dos homes que ollaban, por riba de todo, un futuro, imaxinado de venturanzas.

"División, excentralización e isolamento", velahí tres termos nos que insistiu o betanceiro Antolín Faraldo para facer unha Galicia mais soñada que real. A mensaxe dos seus soños de entón- soños que hoxe poderíamos concretar en realizacións más axeitadas ós nosos tempos - non son xa supostas elucubracións que fican fora de órbita da nosa política rexional. Os ouxetivos de Faraldo están máis a carón de nós : un proceso de renacemento e de industrialización, de organización de cooperativas de producción, de artelillamento de noyas fórmulas comerciais e, ainda se queredes, dálancheamento a esa Europa nórdica - a Dinamarca, por exemplo - que viaxo no seu Faraldo un espeito no quo Galicia poidera mirarse.

Antolín Faraldo, un betanceiro do séculp pasado ó que moitos vemos esquecido, tería de ser nestes tempes un socialista humano que concebise unha Galicia próspera e ceibe, vivindo na paz do traballo, da confianza e da solidaridade fraterna, non sólo cos pobos de España senón tamén cos pobos todos do mundo.

Hindei, Come marián...

(Ven da páxina 3)

nas maos da clase traballadora están as chaves dos únicos vieiros que nos levarían a unha Galicia socialista. Pro coro xa decia o poeta, "faise camiño ao andar".

Irrao, non te esquenzas que cada primeiro de maio estache berlando que a loita continúa Ici por lei, antigas por artigo, convenzo a convenio. Compre que te ergas. Sinxe lamente porque as cádeas siguen acollendo probes e sospitoosamente nunca da vida coñeceron os osos dos ricos porque arriba estiveron valeiras deles. E así, gallegos, foise crebendo a historia un primeiro de maio despois e

BETANZOS



Ciudad antigua
de hombre romano
abrazo entre dos ríos
conjunto de seis castros
encrucijada de caminos
con cruceiros señalados
tu cielo está teñido
por brisas del Atlántico
tus vinos son muy ácidos
y tu lúpulo es amargo
enemiga de la industria
amante de feria y mercado
tus entrañas son de azogue
y tu corazón hidalgo.

Ya no pagás con doncellas
los tributos obligados
ahora pagás con tus hijos

emigrantes expoliados
tu bandera es franja azul
cruzada en campo blanco.

En el sepulcro de Andrada
tu espíritu está enterrado

¡Resucita de tu tumba!
¡Levántate de nuevo Lázaro!
y reduce diferencias
con los pueblos avanzados

Tus ríos nos enseñan
la vida en sus dos parámetros
si dos veces se hacen dulces
otras dos se hacen salados.

Tu Olimpo es la Espenuca
por meigas habitado
tu puerto es La Coruña
y tu Dios está en Santiago

Manuel Martín Arzani

NOSA POLÍTICA...

(Ven da páxina 7)

honrado, sinón que hai que demostrar que se é ". Cometeron así, a equivocación, , in da os honestos, de facernos pensar que non oleran.

Para evitar todo isto, os socialistas , nista nova fronteira da democracia municipal, tomaremos inmediatamente unha serie de medidas, tales como :

1º.- Daremos publicidade do arqueo e do patrimonio municipal. E periódicamente explicaremos detalladamente aos nosos veciños, partida por partida , os gastos e ingresos de noso municipio .

CRÓNICAS MUNICIPALIS

(Ven da páxina 6)

(PCG e PSOE) co 49,02%; concretamente correspónelle ao Partido Socialista o 31,27% do total. A vista dos resultados a dereita disión da maioria absoluta e conta con 9 dos 17 ediles; nem bargantes non sería admisible que impuxese unha dictadura da maioria, esquençando os deseños da mitade dos betanceiros.

Os socialistas non queremos mais poder do que nos conferiron os votos populares, pero tampouco conformarémonos con menos. As anticuadas leis vixentes deben interpretarse con criterios democráticos o cal conleva a necesidade de actuación colexiada e que a composición das Comisións Informativas goarde relación co número de concellais electos en cada candidatura. Iste é o exemplo que está dando o Alcalde socialista de Madrid, TIEMPO GALVAN . Cantos mais poderes quera UCD concentrar na Alcaldía de Betanzos, mais mina os poderes do colectivo de concellais, aillándose da vontade popular que é plural e merecedo - conseguintemente - nosa hostilidade. Isto criterios son básicos nestes intres en que se está constituindo a Corporación.

O día 19 de abril, despois da toma de posesión, hémonos reunido case que todos los concellais

" QUENES NON SABEN A-

QUE CARTA QUEDARSE

SOLEN ESCOLLER LA PIOR "

2º.- Apoiaremos a creación de asociaciós de veciños en barrios e parroquias, para establecer os cauces democráticos de participación do pobo .

3º.- Igualmente, crearemos unha sección neste periódico, para que vosas suxerencias e críticas cheguen a todos nos, co que evitarase o engodosamento e aumentarase a información de nosos representantes. Sección á que dende iste instante quedades todos convidados a participar .

... dos diferentes partidos, a xantar. A comida, nin que decir ten, pagouse a escote e serviu para dar ao pobo un clima de tranquilidade e convivencia. Os concellais socialistas sabemos que se poden sentar xuntos quenes non pensan igual, e que iso non supón - poña nosa parte - a máis mínima concesión ou renuncia aos nosos idéas. E necesario xa aclarar que a esquerda, en España, chegou sempre ao poder pacíficamente e que foi o fascismo o que touvo que utilizar a violencia para conseguirla. Non necesitamos estridencias para defender - o que nos razon xeralizamos como xusto e equitativo - .

Los próximos días o novo Axuntamento, despois dos próximos trámites organizativos, que superemos que non violen o seu funcionamento poñerase a andar. Si non se fai o PSOE iraqueríos de utilizar o maior degréu posible do Programa Municipal que expusemos diante do vecindario . Queremos un vecío ergo que se respete polo cidadano .

RECORTES DA PRENSA

O goberno saíto mundo a veranear a Canarias e o Costío do Sol a seus ciudáns; nalgúns cu un problema de roubo firme, " que non ten un camionero español residen- te en Suecia . " Neste país náse un pan baixo e bruno, non coma eu que son de Ourense e tuven que emigrar nos 70 anos . "

ORIXEN E CARACTER do 1º de Maio

Por: Fernando Doban.

No IV Congreso da A.F.L. (American Federation of Labor) celebrado en novembro de 1.884 en Chicago, xurdiu a iniciativa de realizar no 1º de Maio unha gran manifestación en todas as cidades de América pra conquerir a xornada das 8 horas. A idea, que era o rixinal de Gabriel Edmonst, debía poñerse en práctica en 1.886. Neste ano, despois dunha longa e ben preparada campaña, houbo nos EEUU mais de 5.000 folgas, gracias ás que se conqueriú que máis dun millón de obreiros viran diminuir a sua xornada laboral. Nembargantes, este 1º de Maio pasaría a historia pola masacre que tivo luar en Chicago os días 3 e 4. O tres, a policía disparó contra unha manifestación de obreiros matando a varias persoas. Diante diste feito, os traballadores realizaron, o catro, unha manifestación e máis un mítin. Cando os obreiros iban a ser disolto, unha bomba estourou nas filas da policía matando e ferindo a varios diles, o que dou luar a que dispararan sobre da multitud producindo unha vexadeira masacre. Dixose que a bomba fora lanzada polos anarquistas, polo que se procedeu a detención dalgúns diles os cales foron aforados, ademostrándose posteriormente a sua inocencia.

A consecuencia de tales feitos, cando en xullo do 1.889 celebrouse na sala Pretelle de París o Congreso de organizacíós obreiras (do que saería a II Internacional) aprobouse unha resolución na que se declaraba a xornada do primeiro de Maio como día de loita para conquerir as 8 horas laborais. Neste Congreso, estaban presentes entre outros, Liebknecht, Bebel, Guesde, Lafargue, Longuet, Pablo Iglesias, etc. Ista resolución, que tivo unha gran recepción, puxose en práctica o 1º de Maio de 1.890, producindose manifestaciós en Francia, Alemania, Austria, Hungría, Rumanía, Holanda,

Bélgica, Polonia, Países Escandinavos, etc. En España, onde a manifestación aplazouse pro dia 4, houbo violentos enfrentamentos en Valencia e Barcelona, destacando tamén Madrid, Bilbao, Tarragona. Todas estas manifestacións fixéronlle escrivírse a INGLÉS no Prefacio a edición do Manifesto Comunista do 1.890: "Hoxe, o proletariado de Europa e de América pasa revista as suas forzas, baixo a mesma bandeira e para un ouxetivo inmediato: a fixación da xornada normalde 8 horas... O espectáculo de hoxe demostrará ós capitalistas e terratenentes que, nefasto, os proletarios de todos os países están unidos.

"Oh, si haber estivera a meu carón pra visto ese seu alio!"

En 1.881 o primeiro de Maio tiñese de sangre pola matanza que se produxou en Courrières (Francia) cando o encordo disparou contra a multitud.

Nembargantes, todas istas mortes non foron isoladas, xa que gracias ás manifestacións entre outras cousas, do 1º de Maio, conquírese a xornada das 8 horas. Dende 1.890, o 1º de Maio vense celebrando, con mitos e baixos, en todo o mundo. En España celebrase por segunda vez, despois de coarenta anos da dictadura. Pro isto día non debe ser un festa senón da loita. Desa loita dcónsula un comunicado da CGT: "o 1º de Maio non poderá ser unha festa mentres os obreiros non hagan de rribado o reñen que os exprota e tomado o poden". Según estp, calquer intento de facer do 1º de Maio unha festa, é unha burla, unha traición a todos os que morreron o devandito dia por conquixar un mundo mellor pra toda a clase obrera. O carácter do 1º de Maio debe seguir sendo de movilización, de reivindicación, unha verba de loita, xa que o proletariado non conquíreun ainda a sua emancipación. Tocar iste día

(PASA A PAXINA SEGUINTE)

ORIXEN...

(VEN DAPAXINA ANTERIOR)

en festa siñifica frenar o avance do movemento obreiro, porque, como decía JULES GUESDÉ " os 1º de Maio son dinamita que fará saltar a sociedade capitalista".

Como remate diste artigo, recollemos inha cita de GEORGES en gran número de empresas siñificaba o despido inmediato ó día seguinte. E convén conservar a lembranza dises militantes escuros que, sin fanfarronería, pro con resolución, afrontaban a represión dos poderes públicos e a venganza da patronal pra afirmar a sua fe no porvir".

VIDALENA na que se pon de manifesto o valor dos obreiros de antaño e que, ca sua loita, conqueriron entre outras cousas, deixárnos o que hoxe semella a todo mundo feito normal, a xornada de 8 horas :

" Compre que os mozos adeprendan - e non esquenzan - que parar o 1º de Maio era aínda, a comenzaos diste século un xesto de valor, caseque de heroísmo, xa que

depois de 1936, xa que

Paroladas

- Crónicas de un pueblo -

RECUPERACION CON FORTUNA

El pasado 25 de abril en la sede de nuestra Diputación Provincial, se procedió a la constitución de la misma, asistiendo a tan ilustre acto D. Ramón Sánchez García, farmaceutico de profesión y alcalde por devoción de nuestra muy noble ciudad, que a tal efecto se había desplazado a nuestra "Capital" y que tan solo 24 horas antes se había visto imposibilitado de acudir a una importante reunión en nuestra localidad por poderosos motivos de salud.



Aprovechamos estas líneas para transmitirle nuestra más efusiva felicitación y para manifestar nuestra más sincera congratulación ante la sorpresiva, y no por ello menospreciada, capacidad de recuperación de que hace gala nuestro primer mandatario.

Felicidades D. Ramón!

PARA EVITAR SUSPICACIAS

A vuela pluma y de forma apresurada, procedente de la agencia "TAL-PRESS", recogemos en nuestra redacción, la información que con arreglo a la noticia publicada en la prensa nacional, últimamente, nos revela la circulación por nuestras carreteras de más de un centenar de vehículos

salición mordaz e crítica

de procedencia extranjera introducidos en España ilegalmente, de ellos, más de una docena ruedan por nuestras insuperables vías gallegas, y que guardan cierta similitud con uno que, según se nos comunica, se encuentra estacionado frecuentemente en las inmediaciones de la Casa Consistorial. Lo cual, y pese a todo, al parecer no deja de ser una falsa alarma, pues dicho vehículo marca "MERCEDES", según otras fuentes solventes y bien informadas, pertenece a un conocido y respetable vecino de esta ciudad.

RUMOR.... (última hora)

Contrariedad para los bebedores de metilico al cerrar factoría local por uso "indejido" en la elaboración de licores. Posible subida aguardiente del país.

ERÓTICO



- Parola -

EDITORIAL

Na marcha ate unha sociedade mais human , rexida pola concordia entre as persoas e os pobos, pónse de manifesto a necesidade de contribuir a que as relacións sociais vexanse presididas pola transparencia e a informacion.


A AGRUPACION SOCIALISTA DE BETANZOS PSOE, consciente dista esixencia acordou imprimir un voceiro pra incrementar os canles de comunicacion cos veciños do noso concello.

O nacemento de " PAROLA " coincide co centenario da fundacion do PARTIDO SOCIALISTA OERERO ESPAÑOL e ven a engadir unha pequena aportacion na dificil e continua tarefa de transformar as estructuras sociais vixentes.

Estamos a prol da claridade e do rexurdimento cultural tan necesarios pra que ista Galiza adormecida saia do seu letargo.

Ofrecemos nosas paxinas a participacion ciudadan, cos limites exclusivos do espacio. De vos depende que ista iniciativa dinamice o noso pobo dandolle o pullo que precisa .

— FAN "Parola" —



Redacción e Confeccción:

diego m. purniños - antonio vazquez lorenzo
m.x. vazquez "LITO"

Colaboran neste número: Fernando Dobán - M. Martín Aranz
x. A. Míquez - A. Sánchez - X. Sánchez - P. Vázquez
X. Vázquez - I.T.H. A. Bóo Borgiela -

EDITA e IMPRIME: A.S.O.B.E.

Redacción e Talleres:

Rua Venezuela, 34-36 b.-BETANZOS



U-B164